

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 1 DE SETEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día un de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de agosto de 2020 e da sesión extraordinaria e urxente do día 28 de agosto de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 25 de agosto de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

A continuación, o señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 28 de agosto de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 25 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 172, do 26 de agosto de 2020).

- Orde do 26 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre mantemento das medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada. (Diario Oficial de Galicia número 172-Bis, do 26 de agosto de 2020).
- Resolución do 11 de agosto de 2020, da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do Ministerio de Facenda, pola que se desenvolve a información a subministrar polas corporacións locais relativa ao esforzo fiscal de 2018 e a súa comprobación nas Delegacións de Economía e Facenda. (Boletín Oficial do Estado número 230, do 27 de agosto de 2020).
- Orde do 27 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 174, do 28 de agosto de 2020).
- Orde do 28 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e se dispón a publicación da Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 27 de agosto de 2020, mediante a que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/21. (Diario Oficial de Galicia número 174-Bis, do 28 de agosto de 2020).
- Orde do 29 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se aproba o Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de saúde pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e o control da infección polo SARS-CoV-2 e se ditan instrucións para a tramitación dos procedementos sancionadores nestes casos. (Diario Oficial de Galicia número 175, do 29 de agosto de 2020).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Jardinería Arce, S.L. adjudicataria do contrato "Mellora do parque da rúa Francisco Rodríguez, O Graxal, O Temple", financiado pola Deputación da Coruña, ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica durante o ano 2016. Expediente número 2017/C005/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 17 de abril de 2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Jardinería Arce, S.L* para a *"Mellora do parque da rúa Francisco Rodríguez, O Graxal, O Temple, financiado pola Deputación da Coruña, ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica durante o ano 2016 (BOP Nº 221 DE 18/11/15) Expediente 2017/C005/000001*

Visto que no antedito expediente depositouse, na Tesourería municipal a garantía definitiva de data 06/04/2017 e importe de 1.156,96 euros, con número de rexistro 733 por medio dun aval bancario con número 0354/4098 de data 06/04/2017, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo enxeñeiro de camiños municipal, con data do 30 de xuño de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 06/08/2020.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do (TRLCSP) Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e da Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade "*Jardinería Arce, S.L*", con CIF B1554... e enderezo na Rúa Manuel Murguía, nº 4-6, entresollado 15011, A Coruña, no expediente número 2017/C005/000001, para a "*Mellora do parque da rúa Francisco Rodríguez, O Graxal, O Temple, financiado pola Deputación da Coruña, ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica durante o ano 2016 (BOP Nº 221 DE 18/11/15)*

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Hordescon, S.L, adxudicataria da obra "Renovación do emisario da rede de saneamento Polígono Industrial do Espírito Santo, Cambre". Expediente 2014/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 17 de outubro de 2014, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Hordescan, S.L* para a obra “*Renovación do emisario da rede de saneamento Polígono Industrial do Espíritu Santo, Cambre*” Expediente 2014/C003/000001.

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal a garantía definitiva de data 08/10/2014 e importe de 4.692,27 euros, con número de rexistro 599, por medio de un aval bancario nº 020000016084 de data 07/10/2014 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido a enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 28 de agosto de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 24 de agosto de 2020.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e da Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Hordescan, S.L S.L*”, con CIF B3210.... e enderezo en Niñodagua, Xunqueira de Espadañedo, 32730, Ourense, no expediente número 2014/C003/000001, para a obra “*Renovación do emisario da rede de saneamento Polígono Industrial do Espíritu Santo, Cambre*”

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 21 ao 27 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 1196/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 1238/2020, segundo se relaciona a seguir:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|---|
| 1196/2020 | 21-08-2020 | Concesión axuda dous recibos de luz por importes de 33,37 e 31,24 euros a F.C.S. |
| 1197/2020 | 21-08-2020 | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de agosto de 2020 |
| 1198/2020 | 21-08-2020 | Aprobación da segunda achega do convenio de promoción do ciclismo durante o ano 2019 |
| 1199/2020 | 21-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela nas inmediacións da sita na Fraguíña, Bribes. Propiedade: C.P.N. e J.M.P.N. |
| 1200/2020 | 21-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita nas inmediacións da Fraguíña, Bribes. Propiedade: H.de J.B.A. |
| 1201/2020 | 21-08-2020 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 55.948,76 euros |
| 1202/2020 | 21-08-2020 | Corrección erros resolución núm. 1141/2020 - 2ª quenda campamentos urbanos de verán 2020 |
| 1203/2020 | 21-08-2020 | Corrección erros resolución núm. 1140/2020 - 1ª quenda dos campamentos urbanos de verán 2020 |
| 1204/2020 | 21-08-2020 | Licenza para adecuación de local a uso de vivenda en local situado na rúa Amil. |
| 1205/2020 | 21-08-2020 | Corrección erros resolución núm. 1157/2020 - 3ª quenda campamentos urbanos de verán 2020 |
| 1206/2020 | 21-08-2020 | Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 131.622,77 euros |
| 1207/2020 | 21-08-2020 | Corrección erros resolución núm. 1143/2020 – Actividades educativas meses de xaneiro e febreiro 2020 |
| 1208/2020 | 24-08-2020 | Expediente de transferencia de crédito núm. 6/2020. Vehículo Servizos Sociais. |
| 1209/2020 | 24-08-2020 | Aprobación de certificacións da obra "Reordenación dos estacionamento rúa Sil, A Barcala" (POS+ Adicional 1/2017), e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe total de 4.509,71 euros, así como o seu pagamento |
| 1210/2020 | 24-08-2020 | Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de agosto de 2020 |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|---|
| 1211/2020 | 25-08-2020 | Voda civil 29 de agosto de 2020 |
| 1212/2020 | 25-08-2020 | Modificación de data voda civil |
| 1213/2020 | 25-08-2020 | Resolución Alcaldía aprobación pagamento de axudas sociais 2019 (emendas) e produtividade 1º e 2º trimestre 2020, segundo regulamento produtividade por importe bruto total de 135.775,76 euros |
| 1214/2020 | 24-08-2020 | Baixa de recibos polo servizo de subministración de auga e sumidoiros, depuración e canon de auga liquidados a contribuíntes e liquidacións aos substitutos do contribuínte |
| 1215/2020 | 25-08-2020 | Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 24.745,43 € |
| 1216/2020 | 25-08-2020 | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da intervención municipal por importe total de 4.135,65 euros. Expediente recoñecemento extraxudicial 11/2020 |
| 1217/2020 | 25-08-2020 | Concesión axuda vale alimentos a F.D.C.O. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto |
| 1218/2020 | 25-08-2020 | Denegación axuda emerxencia social recibo aluguer M.R.L. |
| 1219/2020 | 25-08-2020 | Solicitud de subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria de carácter extraordinario para o ano 2020 |
| 1220/2020 | 26-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita nas inmediacións da Fraguíña, Bribes. Propiedade: O.C.S. |
| 1221/2020 | 26-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Bandedó, Brexo. Propiedade: J.P.S. |
| 1222/2020 | 26-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita no Toural, Cambre. Propiedade: H.I.M. |
| 1223/2020 | 26-08-2020 | Resolución cobro da 4ª quenda (24 ao 31 agosto) dos campamentos urbanos de verán 2020 |
| 1224/2020 | 26-08-2020 | Concesión axuda emerxencia social dous recibos de gas por importe de 64,46 e 81,26 euros a M.E.G. |
| 1225/2020 | 26-08-2020 | Concesión de axuda de emerxencia social para lentes correctoras por importe de 169 euros e recibo de aluguer do mes de febreiro de 2020 por importe de 400 euros a M.R.S.F. |
| 1226/2020 | 26-08-2020 | Concesión de axuda de emerxencia social de dous recibos de aluguer correspondentes aos meses de abril e maio de 2020 por un importe total de 460 euros a M.A.C.D. |
| 1227/2020 | 26-08-2020 | Convocatoria da subvención Consolida Cambre 2020 |
| 1228/2020 | 26-08-2020 | Aprobación de certificación de obra correspondentes á obra "Ampliación do saneamento en Nebrixe (Bribes)" POS +Adicional 1/2018, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 4.698,61 euros, así como o seu pagamento. |
| 1229/2020 | 26-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela nas inmediacións da Fraguíña, Bribes. Propiedade: S.E.S. |

| | | |
|-----------|------------|---|
| 1230/2020 | 26-08-2020 | Contrato menor subministración de elementos en varios parques biosaudables do Concello de Cambre |
| 1231/2020 | 27-08-2020 | Licenza de parcelación urbanística para finca sita en Socampo. Propiedade: A.G.L. |
| 1232/2020 | 27-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita nas inmediacións da Fraguíña, Bribes. Propiedade: H. De D.M.N. |
| 1233/2020 | 27-08-2020 | Aprobación da programación e orzamento Rede Cultural da Deputación da Coruña para o ano 2020 |
| 1234/2020 | 27-08-2020 | Cultura no Camiño 2020 |
| 1235/2020 | 27-08-2020 | Solicitud acondicionamento fincas lindeiras ao parque infantil municipal da Barcala. Propiedade: E.C.S. e M.V.P. |
| 1236/2020 | 27-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en San Paio, Brexo. Propietario: P.A.L.A. |
| 1237/2020 | 27-08-2020 | Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Armental, Pravio. Propiedade: E.S.B. |
| 1238/2020 | 27-08-2020 | Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 28 de agosto de 2020 |

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Proposta de adxudicación da obra consistente na "Execución de instalación de conxuntos semaforicos con regulación semaforica no paso de peóns sito na Carretera Cambre-Temple nº 130. Cambre", no prezo ofertado de 9.518,40 euros sen IVE, 11.517,26 euros (IVE incluído), á empresa ALUMBRADOS VIARIOS S.A. (ALUVISA). Expediente núm. 2018/C002/000019.

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

Único. Proposta de adxudicación da obra consistente na "Execución de instalación de conxuntos semaforicos con regulación semaforica no paso de peóns sito na Carretera Cambre-Temple nº 130. Cambre", no prezo ofertado de 9.518,40 euros sen IVE, 11.517,26 euros (IVE incluído), á empresa ALUMBRADOS VIARIOS S.A. (ALUVISA). Expediente núm. 2018/C002/000019

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data de 9 de maio de 2018 rexistrouse de saída escrito da Concelleira delegada da Área de Servizos dirixido á Deputación da Coruña no que se solicitaba "autorización para a instalación de semaforo no paso de peóns existente na DP-1706 á altura da Barcala", habida conta das "... peticións veciñais relativas á necesidade de mellorar a seguridade viaria do paso de peóns da estrada DP-1706, á altura da Barcala..." e de que a "... estrada DP-1706 é de titularidade provincial..."».

A autorización da Deputación Provincial foi recibida neste Concello con data de 7 de agosto de 2019.

Con data de 29 de maio de 2019 asinouse polo enxeñeiro técnico industrial municipal a memoria valorada para "execución de instalación de conxuntos semaforicos con regulacion semaforica en paso de peóns na carretera Cambre-Temple nº 130. Cambre" cun orzamento, IVE incluído, de 16.108,06 euros (13.312,45 euros sen IVE), así como o informe técnico onde queda acreditada a necesidade de dita actuación:

3.1.- Xustificación da necesidade do contrato.

A contratación considérase necesaria debido a que a instalación do conxunto semaforico reside na importancia do aseguramento da seguridade viaria dos peóns e os usuarios da carretera DP-1706 Cambre-Temple nº130. CAMBRE, A CORUÑA, adoptando medidas para a limitación da velocidade, especialmente nunha zona de acceso a unha concentración importante de poboación. Para o desenvolvemento dos mesmas, son necesarias as obras conducentes a realizar a acometida eléctrica (instalación de nova extensión de rede) ao edificio para dotalo de subministración de enerxía eléctrica e o pago dos correspondentes dereitos de extensión previstos en aplicación do artigo 25.1 del R. D. 1048/2013.

3.2.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades a cubrir:

Son necesarias e suficientes as necesidades detectadas: Execución de instalación de conxuntos semaforicos con regulacion semaforica en paso de peóns na Carretera Cambre-Temple nº130. CAMBRE, A CORUÑA, xa que o concello non dispón de persoal especializado neste tipo de obras propostas.

3.3.-Xustificación da idoneidade do seu obxecto e contido:

Considérase fundamental a execución destas obras debido á necesidade existente de dotar o paso de peóns actual na Carretera Cambre-Temple nº130. CAMBRE, de conxuntos semaforicos con regulacion semaforica en paso de peóns para de este modo asegurar a seguridade viaria nunha zona de moito uso debido a que é o acceso peonil dende Cambre á urbanización de A Barcala".

Isto, en exercicio da competencia en materia de tráfico que atribúe aos Concellos o artigo 25.2. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co establecido no artigo 118.1 da Lei 9/2017 e a Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

Con data de 2 de decembro de 2019 emitiuse informe de fiscalización (JUA 402/2019).

Consta documento de retención de crédito expedido con data de 4 de febreiro de 2020 polo citado importe de 16.108,06 euros.

Con data de 21 de maio de 2020 emitiuse informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que propón a adxudicación do presente contrato á empresa Alumbrados Varios S.A. (ALUVISA), con NIF A08523094, por ser o licitador que presentou a mellor oferta, atendendo ao único criterio de factor prezo, tal e como se deriva do seguinte cadro resumo que tamén consta en dito informe:

| Empresa | Oferta sen IVE | Oferta IVE incluído |
|--|----------------|---------------------|
| INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS S.L. (INSTELEC) | 12.809,37 € | 15.499,34 € |
| KAPSCH TRAFFICCOM TRANSPORTATION (TELVENT) | 12.753,33 € | 15.431,53 € |
| EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA) | 11.988,07 € | 14.505,56 € |

| | | |
|-----------------------------------|------------|-------------|
| ALUMBRADOS VIARIOS S.A. (ALUVISA) | 9.518,40 € | 11.517,26 € |
|-----------------------------------|------------|-------------|

Consta no expediente a documentación requirida ao licitador proposto como adxudicatario, rexistrada de entrada con data de 25 de maio de 2020, ao número 202099900001060.

Con data de 26 de agosto de 2020 emitíuse informe pola secretaria accidental.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada de “Execución de instalación de conxuntos semafóricos con regulación semafórica no paso de peóns sito na carretera Cambre-Temple nº 130. Cambre”, elaborada polo enxeñeiro técnico industrial municipal con data de 29 de maio de 2020, cun orzamento de 13.312,45 euros sen IVE, 16.108,06 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020.151.60900 “outras inversións novas infraestruturas urbana”.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2018/C002/000019, da obra consistente na “Execución de instalación de conxuntos semafóricos con regulación semafórica no paso de peóns sito na carretera Cambre-Temple nº 130. Cambre”, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, quedando motivada a necesidade do contrato no exercicio da competencia en materia de tráfico que atribúe aos Concellos o artigo 25.2. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no artigo 118.1 LCSP.

Cuarto: Adxudicar o contrato da obra consistente na “Execución de instalación de conxuntos semafóricos con regulación semafórica no paso de peóns sito na carretera Cambre-Temple nº 130. Cambre” á empresa ALUMBRADOS VIARIOS S.A. (ALUVISA), con NIF A08523094, domicilio en Pasaje de la Plásmica, S/N, Nave 9, 08940 Cornellá de Llobregat no prezo ofertado de 9.518,40 € sen IVE, 11.517,26 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de adxudicación, factor prezo, unha vez xustificada suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, conforme consta no informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 19 de maio de 2020.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro técnico industrial, don Ignacio Fernández Díaz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao enxeñeiro técnico industrial, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá



recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López